



Concello de Betanzos

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>

e-mail: correo@betanzos.net

ANUNCIO

CONCELLO DE BETANZOS

ASUNTO: Bases para a selección do alumnado-traballador do Programa de Formación-Emprego Talento Mozo "COIDADOS E INCLUSIÓN SOCIAL".

EXPEDIENTE: 2026/E001/000008

BASES PARA A SELECCIÓN DO ALUMNADO - TRABALLADOR DO PROGRAMA DE FORMACIÓN-EMPREGO TALENTO MOZO:

"COIDADOS E INCLUSIÓN SOCIAL"

N.º EXPEDIENTE: TR353B-2026/000006-1

1ª. OBXECTO DAS BASES E CARACTERÍSTICAS DO PROGRAMA

É obxecto das presentes bases a regulación do procedemento para a selección de 16 alumnos/as-traballadores/as para o Programa de Formación-Emprego Talento Mozo: "COIDADOS E INCLUSIÓN SOCIAL"

O **Programa de Formación-Emprego Talento Mozo «Coidados e Inclusión Social»** é un programa experiencial dirixido a mellorar a ocupabilidade e a inserción laboral das persoas mozas inscritas no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil. Combina formación profesional para o emprego coa realización de traballos de utilidade pública ou interese social, permitindo ás persoas participantes adquirir cualificación e experiencia laboral en alternancia para facilitar a súa incorporación ao mercado de traballo.

O programa está **subvencionado pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración**, cofinanciado **pola Unión Europea**, no marco do **Programa FSE+ Galicia 2021-2027** e está **promovido polo Concello de Betanzos**, en colaboración cos **Concellos de Abegondo, Coirós e Paderne**, cos que mantén un convenio de colaboración para o desenvolvemento do proxecto.

O Programa de Formación-Emprego Talento Mozo terá unha duración de **12 meses** e formará a **16 alumnos/as traballadores/as**.

O alumnado traballador será contratado, baixo a modalidade de contrato de formación en alternancia de acordo co previsto na disposición adicional segunda do Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, modificado polo Real decreto Lei 32/2021, do 28 de



Concello de Betanzos

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>

e-mail: correo@betanzos.net

decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía de estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo. O alumnado traballador percibirá as retribucións que lle correspondan de conformidade co previsto na normativa vixente, que non serán inferiores ao Salario Mínimo Interprofesional vixente en proporción ao tempo de traballo efectivo, con cargo á aplicación orzamentaria correspondente do orzamento de gastos do Concello de Betanzos para o exercicio 2026.

As especialidades a impartir son as seguintes:

Certificados	N.º alumnos/as traballadores/as
• Atención sociosanitaria a persoas no domicilio (SSCS0108)	6
• Promoción e intervención socioeducativa con persoas con discapacidade (SSCE0111) • Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais (SSCS0208)	10

A distribución por concellos é a seguinte:

- Concello de Betanzos: 8 alumnos/as,
- Concello de Abegondo: 4 alumnos/as,
- Concello de Coirós: 2 alumnos/as,
- Concello de Paderne: 2 alumnos/as.

*No caso de que nalgún dos concellos non se chegue ao mínimo de alumnos/as seleccionados/as, poderase contratar a candidatos/as de calquera dos outros concellos que participan no proxecto.

As actuacións a realizar son as seguintes:

- 1.- “SAF”
- 2.- “Residencia García Irmáns”
- 3.- “Fundación Hospitalarias”
- 4.- “ASPACE”
- 5.- “ASPRONAGA”



Concello de Betanzos

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>

e-mail: correo@betanzos.net

Este proxecto terá como data **límite prevista para o seu inicio o 15.09.2026**, segundo se establece na Resolución de concesión de subvención de data 16.07.2026 do Servizo de Formación e Cualificación para o Emprego do Departamento territorial da Coruña, N.º de expediente TR353B-2026/000006-1, sen perxuízo das posibles prórrogas outorgadas polo mesmo.

2ª. REQUISITOS E CAUSAS DE EXCLUSIÓN DAS PERSOAS ASPIRANTES

Poderán ser participantes nos programas de formación emprego Talento mozo que se financien ao abeiro desta convocatoria aquelas persoas mozas que, na data de selección do alumnado-traballador, cumpran, como mínimo, as seguintes condicións:

- a) Figurar inscritas como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia.
- b) Ter 18 anos e non superar a idade máxima que estableza a normativa vixente no Sistema nacional de garantía xuvenil no momento da selección do alumnado, e figurar como inscritas e en situación de beneficiarias no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 90.1.a) da Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia.
- c) Manter o cumprimento dos requisitos exixidos na Lei 18/2014, con carácter previo a participar nos programas de formación-emprego.
- d) Cumprir os requisitos establecidos na normativa reguladora do contrato para a formación en alternancia, co obxecto de estar vinculada mediante un contrato de tales características ao proxecto durante toda a duración deste, de acordo co previsto no artigo 11.2 e na disposición adicional segunda do Real decreto legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores.
- e) Se a formación que se vai impartir no proxecto vai dirixida á obtención de certificados profesionais de nivel de cualificación 2 ou 3, garantirase que o perfil do alumnado se adecúe aos requisitos sinalados nos reais decretos que regulan os ditos certificados.
- f) Estar inscritas como beneficiarias no ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

Causas de exclusión do procedemento:



Concello de Betanzos

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>

e-mail: correo@betanzos.net

Ademais de non cumprir os requisitos anteriores, serán excluídos do proceso selectivo:

- a) As persoas candidatas que tiveran participado noutro obradoiro dual de Emprego ou Programa de emprego de Garantía Xuvenil no que se impartise o mesmo certificado de profesionalidade con independencia de que rematase con resultado de superado ou non, excepto que o certificado que curse sexa de nivel superior.
- b) As persoas que xa estean en posesión do Certificado de profesionalidade obtido por calquera outra vía.
- c) Aquelas persoas candidatas que incorran en calquera tipo de falsidade documental.

3ª. COMISIÓN DE SELECCIÓN

A comisión de selección estará formada por tres persoas nomeadas pola entidade promotora. A presidencia e a secretaría da comisión de selección recaerán en dúas das persoas nomeadas. A comisión quedará integrada, ademais, polos respectivos suplentes que serán designados xunto cos titulares.

En cumprimento do artigo 60 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro (TREBEP), a composición da comisión de selección responderá aos principios de profesionalidade e especialidade. Non poderán formar parte dos órganos de selección o persoal de elección ou de designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual.

As decisións da comisión de selección tomaranse por unanimidade ou pola maioría simple dos membros presentes. A pertenza á comisión de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse en representación nin por conta de ninguén.

Os membros da comisión deberán absterse de intervir, notificándollos ao órgano que os designou, cando concorran neles circunstancias das previstas na lexislación vixente reguladora do réxime xurídico do sector público. Así mesmo, as persoas interesadas poderán recusar aos membros da comisión cando, ao seu xuízo, concorra neles algunha das circunstancias previstas na lexislación vixente reguladora do réxime xurídico do sector público e do procedemento administrativo común.

A comisión de selección queda autorizada para resolver cantas dúbidas poidan exporse e para adoptar os acordos que garantan a boa orde da convocatoria, en todo o non previsto polas presentes bases e normativa aplicable.



Concello de Betanzos

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>

e-mail: correo@betanzos.net

4ª. PUBLICIDADE DAS BASES

Para garantir os principios de publicidade e libre concorrência, as presentes bases reguladoras do proceso de selección serán remitidas ao departamento territorial correspondente e expostas ao público nos taboleiros de anuncios da oficina de emprego que tramite a oferta. Así mesmo, publicaranse no BOP da Coruña, no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello de Betanzos, e nos dos concellos asociados de Abegondo, Coirós e Paderne.

5ª. PROCEDEMENTO DE PRESELECCIÓN (OFERTA TIPO T)

Sistema de selección: Oferta tipo T (Utilizarase na aplicación SICAS).

Localidade: Ámbito dos Concellos de Betanzos, Abegondo, Coirós e Paderne. No caso de non atoparse candidatos/as suficientes, a sondaxe ampliaríase ao resto dos concellos limítrofes, dando prioridade a aqueles concellos que non teñan Programas-formación Talento Mozo ou obradoiros duais de emprego.

A sondaxe terá en conta aquelas persoas que teñan solicitado algúns dos seguintes servizos:

320: Escola taller programas

330: Casa de Oficio.

340: Taller de emprego

370: Outros programas de formación de emprego formación dual

As ofertas tipo T preseleccionarán a demandantes de emprego que se atopen na situación administrativa de suspensión 699 "suspensión específica programas experimentais de emprego".

O número máximo de candidatos/as a preseleccionar será determinado pola comisión de selección, e o mínimo será, se é posible, de 80 (5 por praza).

Criterios preferentes de preselección: Na sondaxe e remisión de persoas candidatas aplicaranse os criterios preferentes de selección que figuran no artigo 11 da ORDE do 9 de marzo de 2026 e as instrucións ditadas pola Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego de 17 de abril de 2026. Concretamente:

- Terán preferencia as persoas que solicitaran este servizo a través da súa demanda de emprego, e dentro destas as que teñan prevista a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción laboral con anterioridade a



Concello de Betanzos

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>

e-mail: correo@betanzos.net

resolución da convocatoria, sempre que se encontren dentro dalgunha das especialidades que se van a impartir no Programa de Formación-Emprego Talento Mozo.

- Terán prioridade as persoas candidatas que non participasen nun Programa de Emprego de garantía Xuvenil ou obradoiro dual de emprego nas cinco convocatorias inmediatamente anteriores.

6ª. COMUNICACIÓN ÁS PERSOAS PRESELECCIONADAS E PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN

Unha vez realizada a preselección de candidaturas pola oficina de emprego e remitida a listaxe ao Concello de Betanzos, a entidade promotora comunicará ás persoas candidatas, mediante o correo electrónico aportado polo servizo de emprego, a súa preselección e a apertura dun prazo de 3 días hábiles dende a comunicación para a presentación da documentación acreditativa dos seus requisitos e méritos. Na mesma comunicación indícaráselles o lugar, data e hora na que terá lugar a entrevista persoal ou cuestionario.

A documentación xustificativa para a baremación presentarase preferentemente por vía electrónica a través da sede electrónica municipal (https://sede.betanzos.gal/sxc/gl/procedimientosytramites/tramites/SolicitudGeneral_N).

Así mesmo, poderá presentarse presencialmente no Rexistro Xeral do Concello de Betanzos ou en calquera dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A non presentación da documentación no prazo requirido entenderase como desistencia da súa solicitude, quedando a persoa excluída automaticamente do proceso selectivo.

Estas persoas que non acheguen a documentación (ou que non comparezan á Fase de Oposición) non terán a consideración de candidatas válidas aos efectos de acadar o número mínimo esixible para a selección. Neste suposto, se o número de candidaturas válidas fose insuficiente, a entidade promotora poderá solicitar á Oficina de Emprego unha nova sondaxe ou a ampliación da oferta inicial para garantir a ratio mínima de candidatos/as por praza.

7ª. PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN DEFINITIVA DOS/AS ASPIRANTES

A selección definitiva dos/as 16 alumnos/as traballadores/as e a súa distribución por especialidades, de ser o caso, será efectuada pola comisión de selección entre as persoas candidatas preseleccionadas pola Oficina de Emprego para cada especialidade, mediante a aplicación do baremo establecido no Anexo I e a realización dunha entrevista persoal.



Concello de Betanzos

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>

e-mail: correo@betanzos.net

A comisión de selección aplicará os criterios preferentes de selección que figuran no artigo 11 da *ORDE do 9 de marzo de 2026 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para a realización de programas de formación-emprego Talento mozo para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do programa FSE+ Galicia 2021-2027, e se procede á súa convocatoria para os anos 2026 e 2027 (código de procedemento TR353B)*. (DOG Núm. 58 Venres, 27 de marzo de 2026), e as instrucións en relación co procedemento de selección do alumno traballador ditadas pola Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego de 17 de abril de 2026.

O procedemento dividirase en dúas fases. Co fin de garantir a obxectividade do proceso, a fase de oposición (valoración subxectiva) será previa á fase de concurso (baremo de méritos).

A) Primeira Fase: Entrevista persoal / Cuestionario

Realizarase unha entrevista persoal, na que se valorarán o interese da persoa candidata en participar no proxecto e as súas aptitudes e capacidades, tanto de carácter xeral como as relativas á súa adecuación ás singularidades do proxecto formativo.

A comisión de selección poderá optar por substituír a entrevista persoal por un procedemento de selección consistente nunha reunión na que serán citadas todas as persoas candidatas preseleccionadas, para seren sometidas a un cuestionario previamente aprobado pola comisión de selección.

Despois de rematadas todas as entrevistas (ou cuestionarios), e antes de proceder á baremación de méritos, faranse públicas as puntuacións no mesmo lugar onde foron realizadas e na sede electrónica da entidade promotora.

A asistencia á entrevista persoal (ou á reunión para o cuestionario) ten carácter obrigatorio e realizarase en chamamento único. A non comparecencia da persoa candidata no lugar, data e hora sinalados pola entidade promotora entenderase como desistencia e suporá a súa exclusión automática do proceso selectivo, perdendo o dereito a que os seus méritos sexan valorados na Segunda Fase (Fase de Concurso), salvo xustificación adecuada e aceptada pola comisión de selección.

B) Segunda Fase: Fase de Concurso

Unha vez publicadas as cualificacións da fase subxectiva, o Tribunal cualificador procederá á baremación dos méritos conforme ao baremo obxectivo do anexo I.

C) Publicación provisional e trámite de alegacións

Realizada a baremación da fase de concurso, a comisión de selección fará pública a listaxe provisional coas puntuacións obtidas polas persoas candidatas no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello de Betanzos.



Concello de Betanzos

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>

e-mail: correo@betanzos.net

Concederáse un prazo de 2 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da devandita publicación, para que as persoas interesadas poidan formular as alegacións ou reclamacións que estimen oportunas en relación coa puntuación outorgada. As reclamacións presentadas serán resolvidas pola comisión de selección.

D) Cualificación final e desempate

A cualificación final virá dada pola suma dos puntos acadados en cada fase. No caso de igualdade na puntuación, os criterios para dirimir os empates serán, por orde de prelación:

1. O maior tempo acreditado como desempregado/a.
2. A puntuación acadada na entrevista persoal ou cuestionario.
3. A persoa de maior idade.

E) Publicación da listaxe definitiva e listaxe de reserva

Unha vez rematado o proceso selectivo e calculada a cualificación final, a comisión de selección fará pública a proposta coa listaxe definitiva de persoas seleccionadas no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello de Betanzos.

Xunto á listaxe de persoas seleccionadas, elaborárase e publicarase unha listaxe de reserva integrada polas persoas candidatas que obtiveran as seguintes mellores puntuacións finais, co fin de cubrir as vacantes que se produzan unha vez iniciada a prestación da actividade pola persoa inicialmente seleccionada.

En todo caso, a entidade promotora será a responsable de comprobar que o alumnado seleccionado mantén o cumprimento dos requisitos de selección na data da súa incorporación ao proxecto.

F) Remisión de actas

A comisión de selección redactará as correspondentes actas e remitiráas á xefatura territorial (Servizo de Formación e Cualificación para o Emprego) mediante o aplicativo FORMAN, acompañada da relación do alumnado admitido e excluído indicando, neste último caso, a causa da súa exclusión.

8ª. RECURSOS E IMPUGNACIÓNS

As presentes bases, a convocatoria e cantos actos administrativos se deriven da actuación da comisión de selección e que esgoten a vía administrativa, poderán ser impugnados polas persoas interesadas nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Contra a resolución aprobatoria das presentes bases, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor con carácter potestativo recurso de reposición ante a Alcaldía do



Concello de Betanzos

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>

e-mail: correo@betanzos.net

Concello de Betanzos no prazo dun (1) mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, ou ben interpor directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo competente no prazo de dous (2) meses.

As resolucións da comisión de selección vinculan á Administración, sen prexuízo de que esta poida proceder á súa revisión conforme ao previsto na lexislación vixente. Contra as resolucións e actos de trámite da comisión de selección, se deciden directa ou indirectamente o fondo do asunto, determinan a imposibilidade de continuar no procedemento, ou producen indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos, poderase interpor recurso de alzada ante a Alcaldía no prazo dun (1) mes.

9ª. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

De conformidade co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, e a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, os datos de carácter persoal facilitados polas persoas aspirantes serán tratados polo Concello de Betanzos coa finalidade de xestionar o presente procedemento de selección, baseando a lexitimación do tratamento no cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos.

A presentación da solicitude e documentación anexa implica o consentimento para o tratamento dos datos achegados, incluídos aqueles de categoría especial (saúde, exclusión social), estritamente necesarios para a aplicación do baremo. As persoas interesadas poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación e oposición ante o Concello de Betanzos a través da súa sede electrónica ou de forma presencial no Rexistro Xeral.

En Betanzos, a 17 de agosto de 2026

A alcaldesa, María Barral Varela



Concello de Betanzos

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>

e-mail: correo@betanzos.net

ANEXO I

BAREMO DE SELECCIÓN DO ALUMNADO-TRABALLADOR DO PROGRAMA DE FORMACIÓN-EMPREGO TALENTO MOZO:

“COIDADOS E INCLUSIÓN SOCIAL”

1.- MULLERES:

Mulleres.....1 punto

Mulleres vítimas de violencia de xénero.....1 punto

2.- IDADE: (Persoas máis próximas a cumprir a idade máxima de permanencia no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil).

Persoas que no momento da selección teñan 27, 28 ou 29 anos.....1 punto

3.- DISCAPACIDADE:

Grao de discapacidade >33 % (Sempre que poidan realizar os traballos do Programa de Formación-Emprego Talento Mozo).....1 punto

4.- PROTECCIÓN DE DESEMPREGO:

Persoas que esgotaron a prestación e subsidio por desemprego.....1 punto

5.-TEMPO EN SITUACIÓN EFECTIVA DE DESEMPREGO DESDE O ÚLTIMO TRABALLO (SEGUNDO VIDA LABORAL):

Máis de 12 meses.....1 punto

6.- PERTENZA A COLECTIVOS DESFAVORECIDOS OU EN RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL: (Acreditado mediante certificación dos servizos sociais do concello respectivo ou do Servizo de Prestacións, Inclusión e Inmigración, da Consellería de Política Social e Igualdade)

Persoas beneficiarias do tramo de inserción da renda de inclusión social de Galicia
1 punto

7.- FORMACIÓN ACADÉMICA:

Persoas que carecen de título universitario ou grao superior de FP (só para os candidatos dos certificados de nivel 2, para os de nivel 3 non aplica este baremo).....1 punto

8.-EMIGRANTES RETORNADOS:

Emigrantes retornados.....1 punto

9.- ITINERARIOS PERSONALIZADOS DE INSERCIÓN:

Por ter prevista a realización deste tipo de medidas (con anterioridade a resolución da convocatoria) no seu itinerario de inserción laboral no sector das especialidades do



Concello de Betanzos

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax:981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>

e-mail: correo@betanzos.net

Programa de Formación-Emprego Talento Mozo

..... 7 puntos

10.-PARTICIPACIÓN EN PROGRAMA DE FORMACIÓN-EMPREGO TALENTO MOZOS/PROGRAMAS DE FORMACIÓN:

Persoas que non participaran nas últimas cinco convocatorias de Obradoiros duais de emprego ou Programas de emprego de garantía xuvenil.....10 puntos

11.- ENTREVISTA:

Na que se valorará o seu interese en participar no proxecto e as súas aptitudes e capacidades, tanto as de carácter xeral coma as relativas á súa adecuación as singularidades do proxecto formativo.

Puntuarase ata un máximo de.....14 puntos